




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Altas. Sector: Costa Norte de Ferrol. Concello: Valdovíño. Parroquia: San Vicente de Meirás. Extensión: 1,00 km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Entrante costeiro profundo que segue algunha debilidade tectónica e cuxa forma levou a recoñecelo toponimicamente como unha ría aínda cando as súas dimensións son escasas. Parece tratarse dun suco fluvial lixeiramente encaixado na chaira costeira por un cambio no nivel relativo do mar que foi invadido polo mar como sucede coas grandes rías. Polo leste está pechado polos acantilados de teito plano de Frouxeira e polo oeste polo bloque basculado de Monte Campelo. Inclúe o EIX Complexo sedimentario e costa rochosa da Frouxeira e Meirás.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Incluída no dominio da Serie de Ordes, con cuarzoístos, xistos e metasamitas de idade variable que vai do Precámbrico ao Silúrico. O cuaternario está representado polos depósitos de praia e duna, e do manto eólico da Frouxeira.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Temperatura media anual maior de 15°C e amplitude térmica por debaixo de 12,5°C. As precipitacións acumuladas durante o ano non superan os 1000 mm na metade norte da unidade, que pertence ao dominio climático Cálido e Seco. Cara ao sur, o ambiente ombrotérmico é Cálido-Subhúmido con precipitacións anuais máximas de 1200 mm.

OS SOLOS

Aparecen dous tipos de solos en materiais metamórficos, umbrisoles dístrico-lépticos na metade norte ou inferior, con achegas de ladeira da elevación granítica de Monte Campelo, e cambisol eútrico na meridional, interior.


AS AUGAS

Unidade que verte sobre a masa de Augas Costeiras 20121. A rede fluvial comprende a cunca baixa do Río de San Vicente que discorre nun trazado sinuoso ata a súa desembocadura na Praia de Meirás.

O PATRIMONIO NATURAL

A pesar de ser unha unidade con presenza de importantes depósitos sedimentarios, un acantilado define toda a súa liña de costa, polo que é o hábitat 1230 de acantilados atlánticos o que adquire relevancia pola súa representatividade. Aínda que existen algunhas áreas dunares incipientes, do grupo 21, é o de bancos areosos e lamacentos intermareais e submareais (1110 e 1140) o hábitat sedimentario máis desenvolvido, pola estrutura do entrante costeiro e a súa dinámica morfosedimentaria. Onde os usos construtivos non anuláron a cobertura vexetal seminatural, dominan as matogueiras costeiras. Aparecen dous hábitats principalmente, o 4030, "Breixeiras secas europeas" e o 4040, "Breixeiras secas atlánticas costeiras de Erica vagans".

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A vexetación asociada á presenza de acantilados, a matogueira costeira que subsiste nos teitos aplanados destas formacións, o bosque de ribeira asociado ao regato e os terreos de cultivo na suave ladeira oriental vinculados aos núcleos tradicionais de Taraza e A Gándara, son as coberturas do solo presentes, ademais do areal da praia de Meirás ou do Río. Como consecuencia do aproveitamento turístico deste areal figuran novos usos residenciais especialmente na ladeira oeste do val do arroio de San Vicente.

MORFOLOXÍA

O sistema de asentamentos rural tradicional ten a súa representación na unidade nos núcleos de Taraza e A Gándara, situados na zona chaira da vertente costeira que actúa a modo divisorio de augas das pequenas cuncas presentes. A súa estrutura é predominantemente lineal e a desenvolvida nun parcelario agrícola. No ámbito destes núcleos e especialmente na vertente oeste da chaira costeira do val do arroio de San Vicente producíronse desenvolvementos residenciais con tipoloxías diversas, e sen funcionalidade rural ou urbana, en gran parte asociados ao aproveitamento turístico da praia.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A rede de comunicacións componse de pistas asfaltadas e numerosos camiños que dan acceso ás edificacións, apoiándose en gran parte no sistema viario tradicional.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Na unidade non se describen elementos salientables de patrimonio cultural.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A antiga organización de Taraza e A Gándara, de carácter agrario apoiados na ladeira oriental da pequena cunca fluvial do regato San Vicente e retirados das formacións acantiladas que lle marcaban a fronteira terra-mar delimitadoras dos diferentes usos, foi substituída por unha xeneralización do uso residencial asociado ao aproveitamento turístico da praia e as vistas litorais, marcando en gran parte o seu carácter.

DINÁMICA DA PAISAXE

As dinámicas predominantes son as asociadas ao aumento do uso basicamente residencial, consecuencia do uso recreativo e turístico dos recursos presentes na unidade.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A unidade presenta valores xeomorfolóxicos pola súa fronte acantilada e os procesos de sedimentación da ría de Meirás, como así evidencia a súa inclusión no LIC e ZEPVN de Costa Artabra e no Espazo de Interese Xeomorfolóxico Complexo sedimentario e costa rochosa da Frouxeira e Meirás. A súa escena está marcada polo contraste da horizontalidade da chaira costeira do val do arroio de San Vicente, e o dinamismo dos salientes rochosos acantilados que a enmarcan, os Espazos de Interese Paisaxístico de Punta Frouxeira, ao leste, e o de Montes da Lagoa e Campelo, ao oeste. Ambos os dous constitúense ademais como excelentes lugares potenciais para o acceso á escena da unidade e do perfil litoral da Costa Norte de Ferrol.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCÍONS







A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Crecemento residencial desenvolvido na vertente oeste da chaira costeira sucada polo curso do arroio de San Vicenzo, e que non presenta unha funcionalidade rural ou urbana. O obxectivo é integrar os baleiros como elementos xeradores de trama ou estrutura física e funcional, minimizando a presión sobre o perfil acantilado e potenciando a funcionalidade de corredor do arroio e mellorar deste modo a calidade escénica e ambiental deste lugar.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









 Chairas intermareais / Llanuras intermareales	 Matogueiras / Matorrales
 Marismas / Marismas	 Cultivos e prados / Cultivos y prados
 Praias / Playas	 Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero
 Dunas / Dunas	 Viñedos / Viñedos
 Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros	 Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico
 Cantis / Acantilados	 Forestal de repoboación / Forestal de repoblación
 Vexetación costeira / Vegetación costera	 Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas
 Bosques autóctonos / Bosques autóctonos	 Outras masas de auga / Otras masas de agua
 Bosques de ribeira / Bosques de ribera	 Canteira / Cantera
 Bosques mixtos / Bosques mixtos	 Artificial / Artificial
 Bosques de recolonización / Bosques de recolonización	
 Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo	

Asentamentos / Asentamientos

 Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
 Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
 Asentamento funcional / Asentamiento funcional
 Agregado urbano / Agregado urbano
 Nova agrupación / Nueva agrupación
 Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

 Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
 Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
 Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
 Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
 Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
 Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
 Puntos de observación / Puntos de observación
 Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

Toponimia interior / Toponimia interior
Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral
Praia / Playa
Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
Toponimia de costa / Toponimia de costa
Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

 0 m	 -20 m	 -100 m	 -500 m	 -2000 m
 -10 m	 -50 m	 -200 m	 -1000 m	 -3000 m












Espazos de interese / Espacios de interés

 Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
 Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
 Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
 Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

 Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
 Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
 Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
 Zona portuaria / Zona portuaria
 Ferrocarril / Ferrocarril
 AVE / AVE
 Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
 Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
 Outras estradas / Otras carreteras
 Pistas e camiños / Pistas y caminos
 EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



